

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE MONDARIZ-BALNEARIO NO QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA O DESENVOLVEMENTO DAS OBRAS DE REFORMA DO CENTRO DE SAÚDE DE MONDARIZ-BALNEARIO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou en data 29.04.2020 co Concello de Mondariz-Balneario o instrumento convencional arriba referido, que entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases da colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Mondariz- Balneario para o financiamento das obras de reforma no centro de saúde de Mondariz- Balneario, propiedade do concello.

As obras de reforma comprenderán a reforma da planta baixa do edificio para destinar o local actualmente ocupado pola oficina de correos a unha nova consulta médica, creación dun baño adaptado e un aseo, demolición dos aseos actuais, adaptación dos locais libres para almacén e vestiario e apertura de porta posterior para independizar o acceso a planta alta. A reforma implicará a renovación de todas as instalacións, carpinterías interiores, falsos teitos e acabados interiores de toda a superficie da planta baixa.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

O Concello de Mondariz- Balneario e o Servizo Galego de Saúde cofinanciarán as obras a realizar do xeito que a continuación se indica:

Achegas máximas:

Concello de Mondariz- Balneario	57.956,00€
Servizo Galego de Saúde	57.956,00€

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

O artigo 1 do Decreto 136/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, determina que esta é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control da execución da política da Xunta de Galicia en materia de saúde, planificación e asistencia sanitaria e farmacéutica, así como do exercicio das competencias da Xunta de Galicia para asegurar á cidadanía o dereito á protección da saúde, de conformidade coa Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e coa Lei 3/2019, do 2 de xullo, de ordenación farmacéutica de Galicia.

O Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, determina que este é un organismo autónomo de natureza administrativa adscrito á Consellería de Sanidade, configurado para o axeitado desenvolvemento das competencias que no eido sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

Tanto a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, como a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración administrativa.

De conformidade co establecido no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e o artigo 55 d) da citada Lei 7/1985, do 2 de abril, as administracións públicas prestaranse, no ámbito propio, a cooperación e asistencia activas que poidan precisar para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. En consecuencia, todas as administracións públicas deben impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan as súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e xestionar de forma compartida.

No Concello de Mondariz- Balneario o centro de saúde require de frecuentes actuacións de mantemento para ofrecer en cada momento o mellor servizo posible aos seus usuarios. Os servizos técnicos do Servizo Galego de Saúde teñen detectado a necesidade de efectuar unha actuación de reforma sobre este centro de saúde; polo que



conscientes da dita necesidade, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

